



Certificado Provisional Sustitutorio
da
Tarxeta Sanitaria Europea

NOTA INFORMATIVA

O Certificado Provisional Substitutorio (CPS) da Tarxeta Sanitaria Europea (TSE), é o documento persoal e intransferible que acredita o dereito a recibilas prestacións sanitarias que resulten necesarias, dende un punto de vista médico, durante unha estancia temporal no territorio do Espazo Económico Europeo, Suíza e Reino Unido (1), tendo en conta a natureza das prestacións e a duración da estancia prevista, de acordo coa lexislación do país de estancia, independentemente de que o obxecto da estancia sexa o turismo, unha actividade profesional ou estudos.

O CPS non é válido cando o desprazamento teña a finalidade de recibir tratamento médico, nese caso será necesario que o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) emita o formulario correspondente, previo informe favorable do Servizo Público de Saúde. Tampouco é válido o documento se vostede traslada a súa residencia ao territorio de outro Estado.

A utilización do CPS durante o seu período de validez atópase condicionada ó feito de que o seu titular continúe reunindo os requisitos que deron lugar á súa obtención. No caso contrario, os gastos que se orixinen poderían ser reclamados en concepto de prestacións indebidas, de acordo co previsto no artigo 76 do Regulamento (CE) 883/04.

O CPS ofrece a mesma cobertura que a TSE. Nalgúns casos deberá asumir unha cantidade fixa ou unha porcentaxe dos gastos derivados da asistencia sanitaria en igualdade de condición cos asegurados do Estado ao que se despraza. Estes importes non son reintegrables.

Se vostede non é español nin nacional dun país dos que se indican ao final desta Nota Informativa, incluído España, e se vostede se despraza a Dinamarca, Suíza, Liechtenstein, Islandia ou Noruega, non ten dereito a recibilas prestacións sanitarias nestes países.

Para solicitar ou renovar o CPS poderá facelo dende o seu domicilio no portal A Túa Seguridade Social (<https://sede-tu.seg-social.gob.es>) ou na Sede Electrónica da Seguridade Social (<http://run.gob.es/ovfplp>) ou ben a través da APP da Seguridade Social.

No suposto de que o seu CPS non fora aceptado no país de estancia, pode vostede dirixirse á rede SOLVIT (solvit@ue.maec.es), un Servizo gratuíto para a resolución de problemas entre administracións que aplican os Regulamentos Comunitarios da Seguridade Social.

(1) **Estados nos que ten validez o CPS:** Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Italia, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Suecia e Suíza.